



**25 de outubro de 2010.** Un grupo de persoas preocupadas polo devir do noso medio ambiente e apaixonadas polo Monte Pindo, reuníronse para constituír formalmente a

[\*\*Asociación Monte Pindo Parque Natural\*\*](#)

, unha organización sen ánimo de lucro de carácter plural, a través dunha ampla Comisión Reitora con 11 vogalías territoriais para garantir o trato directo con veciños e axentes sociais. Poucas palabras poden expresar mellor as motivacións desta nova organización como as escollidas por Xilberte Caamaño, o primeiro presidente:

***"Ningún galego/a entendería que a Catedral de Santiago estivese abandonada, ou queimara cada dez anos; pois o Monte Pindo é a nosa catedral"***

. ADEGA quere transmitir os seus parabéns á nova asociación comprometendo o seu apoio ás iniciativas que poña en marcha para conquistar a

[\*\*declaración do Monte Pindo como Parque Natural\*\*](#)



Por iso mesmo é que entendemos que hai que comezar a traballar en serio, promovendo figuras de desenvolvemento e protección que rematen co actual abandono dese espazo e o poña en valor, como é a [\*\*declaración de Parque Natural\*\*](#) [\*\*proposta por ADEGA\*\*](#) co apoio dunha multitude de expertos, polos inmensos beneficios sociais, medioambientais e economicos que suporía para o noso entorno.

Pouca dúbida cabe de que unha proposta tan positiva e de futuro debería estar liderada desde as institucións públicas, por ser estas as máis representativas da sociedade e tamén por debérense en exclusiva a defender o interese común. Desgrazadamente o Concello de Carnota rexeitou apoiar esta causa antes de consultar sequer a opinión de veciños e axentes sociais, polo que se fixo case imperativo crear unha Asociación que demostre que se equivocan nos seus prexuízos, para que quen o desexe poida poñer o seu gran de area na defensa do Monte Pindo.



Convidamos a todos aqueles interesados no noso medio a incorporarse a esta Asociación, sexa asociándose ou colaborando coas iniciativas que desenvolvamos. Porque o Monte Pindo, esta catedral natural de 300 millóns de anos cun pé no mar e outro na terra, da que todas e todos somos privilexiados posuidores e que tanto nos fai gozar ás persoas que nos confesamos súas amantes, tamén precisa da nosa axuda para frear a degradación e o abandono.